



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

### ACTA DA SESIÓN 2ª DE CONCURSO OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DA PRAZA VACANTE DE PERSOAL LABORAL, INCLUIDA NO PROCESO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL AO ABEIRO DO ARTIGO 2.1 E 2.4 DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO ANO 2022.

Sendo as 09:30 horas do día 12 de decembro de 2024, en sesión celebrada na Casa do Concello de Bergondo, xúntanse os integrantes do tribunal cualificador, constituído en sesión do 11/12/2024, baixo a Presidencia de, José Ángel Sánchez Paz (capataz do Concello de Bergondo); os vogais, Alberto Rilo Nogueira (funcionario de carreira do Concello de Bergondo), Yolanda Fandiño García (Policía local do Concello de Bergondo) e Pedro Antonio Amado Freire (persoal laboral fixo do Concello de Moeche); actuando como Secretaria, Laura Gutiérrez Ortiz (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo).

Existindo quórum suficiente para as actuacións do día de hoxe, o tribunal trasládase á Casa da Cultura do Concello de Bergondo, lugar de celebración do primeiro exercicio da fase de oposición, compróbanse os medios e as condicións para a realización do citado exercicio consonte ao disposto na base 3ª das específicas publicadas no (BOP núm. 243 do 26.12.2022). Preséntanse os seguintes candidatos, logo da comprobación da súa identidade:

Nº	Apelidos e nome	DNI
1	ALONSO NAYA, SERGIO	***1271**
2	BALBÍS BABÍO, MIGUEL	***0445**
3	IGLESIAS RIVAS, DIEGO	***5506**

Polo tribunal, dáse lectura á base 3ª das bases específicas e infórmase aos aspirantes das normas que rexerán a execución do exercicio:

-A proba garante o anonimato dos aspirantes. Para o cal, deberán cubrir o folio que se lles entrega nun sobre pequeno, no que figura un código numérico, cos seus datos persoais. Este folio, introducirase, unha vez cuberto e asinado, no mencionado sobre pequeno. Unha vez pechado este sobre, á súa vez, introducirase no sobre grande, xunto co exame. O exame só se identificará con número asignado como código, sin ningún tipo de marca, nin dato, nin sinatura, en caso contrario non se correxirá o exercicio.

-En caso de marcar erróneamente unha resposta, escribirase claramente diante da letra da resposta errónea a palabra NON e marcarase a correcta. Doutro xeito, en caso de marcar dúas o máis respostas, considerarase contestada incorrectamente.

-Empregarase bolígrafo azul ou negro para a realización do exercicio.

-Deberán apagarse e gardarse os teléfonos móbiles e demais aparellos intelixentes.

-Recoméndase responder todas as preguntas, tamén as de reserva.

A continuación, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos comeza o exercicio, dispoñendo os aspirantes de corenta minutos para a súa realización.

Rematado o exame, o Tribunal procede inmediatamente á corrección do primeiro exercicio co seguinte resultado, indicando o código do aspirante e a nota acadada:

CÓDIGO	NOTA
3	27
4	25
5	24

Polo que, finalizada a corrección do primeiro exercicio da oposición, o Tribunal por unanimidade **ACORDA:**

**Primeiro.** Publicar as notas da corrección do primeiro exercicio no Taboleiro electrónico de edictos do Concello de Bergondo, para xeral coñecemento.

**Segundo.** Sinalar como data do acto público de apertura dos sobres coa identidade dos aspirantes, o xoves, 12/12/2024, ás 13 horas, no Salón de Sesións do Concello de Bergondo, coa presenza do Presidente e da Secretaria do Tribunal.

**Terceiro.** Establecer que a data de celebración do segundo exercicio da oposición, será o **18 de decembro de 2024, ás 9:30 horas, no Edificio Multiusos do Polígono de Bergondo (sede da Asociación de Empresarios).**

A orde de cada un deles determinarase de acordo co previsto nas bases reguladoras “*A orde de actuación das persoas opositoras será a que resulte do sorteo ao que se refire o Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia*”. Que para as Ofertas de emprego do ano 2022 segundo a Resolución de 28 de enero de 2022 da Consellería de Hacienda y Administración Pública por la que se hace público el resultado del sorteo al que se refiere el Reglamento de selección de personal da Administración de la Comunidad Autónoma de Galicia.(DOGA núm. 24 do 4 de febreiro de 2022), a orde de actuación das persoas aspirantes empezará por aquelas cuxo primeiro apelido comeza pola letra “T”

Cuarto. Como concreción da realización do segundo exercicio da oposición, o Tribunal establece que consistirá nunha proba práctica do uso do tractor con rozadora de brazo nun circuito, así como unha proba de coñecemento da maquinaria, valorándose a pericia propia do oficio, a celeridade na execución e a limpeza do traballo executado.

Quinto. Publicar a plantilla do primeiro exercicio no Taboleiro de Anuncios da Sede electrónica municipal

Os aspirantes deberán presentarse provistos do seu Documento Nacional de Identidade ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.

Non sendo outro o obxecto desta sesión, dáse por rematada a mesma, redactándose a presente acta que se asina por tódolos integrantes do Tribunal e considerándose como lugar de sinaturas aos efectos oportunos o Concello de Bergondo. Dou fe; a secretaria

O Presidente

Os/as Vogais

A secretaria